

Información Anulación da Matrícula

- *Para alumnado en idade de escolarización obrigatoria (até os 15 anos):*

Aplicarase, **soamente por petición da persoa interesada**, a anulación da matrícula na primeira semana de actividades lectivas. A praza vacante será cuberta polo alumnado en lista de espera, até completar a cota asignada ao grupo.

De serlle concedida, a xefatura territorial autorizará a súa incorporación ao curso que corresponda da ESO para continuar os seus estudos.

- *Para o alumnado de 16 anos ou máis*, aplicarase o establecido con carácter xeral para os ciclos:
 - Cando un alumno/a falte de forma inxustificada a clase os primeiros 5 días de clase recibirá unha comunicación do centro requirindo a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de 3 días dende a recepción da notificación. Se non se produce a incorporación no prazo de 3 días procederase a anulación da matrícula.
 - O alumnado poderá solicitar de xeito voluntario a anulación da matrícula cunha antelación mínima de unha semana ao remate do período de matrícula.

A anulación non consome convocatoria.